

## BASES DE ORGANIZACIÓN

**Expediente:** Aprobación Bases de Organización do Campionato Xunta de Galicia de Tríatlon Cros.

**Procedemento:** Procedemento xenérico

**Expediente nº:** 2021/X999/000654

**Departamento:** Deportes

**Titular:** moncho.villanustre

**Asunto:** Bases de organización do Campionato Xunta de Galicia de Tricros (tríatlon cros)

---

## BASES DE ORGANIZACIÓN

### CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE TRICROS

Rianxo vai ser sede do Campionato Xunta de Galicia de Tricros, que terá lugar o 24 de xullo de 2021, e se desenvolverá segundo as seguintes bases:

#### Artigo 1. Organización

- O Club Tríatlon Rianxo
- Concello de Rianxo
- Federación Galega de Tríatlon
- Multisports Galicia SLU (ChampionChipNorte)

#### Artigo 2. Patrocinios

- Concello de Rianxo

#### Artigo 3. Colaboracións

- Policía Local de Rianxo
- Protección Civil de Rianxo
- Secretaría Xeral para o Deporte

#### Artigo 4. Data e horarios da proba

- Sábado, 24 de xullo de 2021, ás 16:30 h.

#### Artigo 5. Distancias (Estándar)

- Natación: 750 m de natación (1 volta)
- Bicicleta: 21 km en bicicleta (3 voltas)
- Carreira a pé: 5,2 km de carreira a pé (1 volta).

### Artigo 6. Categorías

- Absoluta
- Júnior
- Sub23
- Veterano/a

### Artigo 7. Inscricións

Ata o martes, día 20 de xullo, limitado a 150 prazas por rigorosa orde de inscrición.

*(A organización resérvase 5 prazas)*

A inscrición realizarase en liña, a través da web da Federación Galega de Tríatlon, [www.fegatri.org](http://www.fegatri.org), no apartado Regulamentos/Inscricións.

*O abono da cota farase con tarxeta bancaria a través de TPV.*

### Artigo 8. Listaxe de agarda

Esgotadas as prazas, abrirase unha listaxe de agarda que servirá para cubrir as vacantes que se vaian producindo ata o remate do prazo de inscrición. Na confección desta listaxe, que se xestionará diariamente, prevalecerá a orde de inscrición. En caso de haber algunha vacante, esta ofreceráselle a través do correo electrónico ao/á participante correspondente da listaxe de agarda, e daráselle de prazo para formalizar a inscrición ata as 14.00 h do mesmo día. A última incorporación farase o mércores 21 de xullo ás 14.00 h.

### Artigo 9. Cota de inscrición

Cota xeral: 15 €

#### Deportistas con licenza de Tríatlon 2021

- CLUBS: Accederán a través do apartado competicións, premendo na pestana Regulamentos/Inscricións e accedendo á carreira de referencia. Unha vez que se accede á carreira premerase na ligazón INSCRICIÓN, e introducirase o código do club (o código que se debe utilizar é o mesmo que o do programa de licenzas).
- DEPORTISTAS INDIVIDUAIS: Deberán introducir o seu número de licenza e a data de nacemento.

#### Deportistas con licenza galega de ciclismo

- Deportistas con licenza da Federación Galega de Ciclismo (convenio FGC/Fegatri): 15 € + custo do seguro de 1 día de 2,20 € (Total abono: 17,20 €).
- Unha vez situado no apartado COMPETICIÓN, premerase en REGULAMENTOS/ INSCRICIÓN para acceder á carreira. Dentro da carreira premerase na ligazón INSCRICIÓN e introduciranse os datos.
- IMPRESCINDIBLE: para que a inscrición de calquera deportista sen licenza Fegatri sexa válida, hai que enviar á Federación Galega de Tríatlon [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com) a través da plataforma de inscricións, **a copia do DNI en vigor e o documento de protección de datos asinado**, que se pode descargar na seguinte ligazón:

<http://fegatri.org/wp-content/uploads/2019/12/ficha-non-federados.docx>,

1. **USO DO CHIP AMARELO DE CHAMPIONCHIP-MYLAPS: o chip é persoal e intransferible. Non se permite a utilización dun chip amarelo que estea asociado a unha persoa diferente á titular da inscrición.**

Toda persoa que teña en propiedade un chip amarelo pode facelo constar na inscrición facilitando o código do chip (7 caracteres alfanuméricos sen -) polo que se considerará que vai facer uso do chip na proba. No caso de que non dispoña de chip amarelo, debe facelo constar na inscrición e aboará 20 € por un chip amarelo co que poderá quedar en propiedade. Este chip amarelo poderase empregar en probas cronometradas con sistema Championchip-Mylaps. Se o prefire, pode devolvelo; neste último caso faráselle unha devolución de 18 € á semana seguinte da proba, a través do TPV de abono.

No caso de que un/unha deportista que na súa inscrición faga constar que é propietario/a de chip amarelo e non o levase o día da proba, deberá aboar na carpa de cronometraxe 25 € por un chip amarelo. Tal e como se describiu no caso anterior, o/a participante poderá adquirir este chip, que servirá para usalo en probas cronometradas con sistema Championchip-Mylaps, ou ben pode devolvelo; neste caso, aboaránselle 20 € no momento da súa devolución na carpa de organización.

#### **Artigo 10. Baixas e política de devolucións:**

As baixas deberán ser comunicadas á Federación Galega de Tríatlon a través do correo electrónico [fegatri@hotmail.com](mailto:fegatri@hotmail.com), antes do remate do prazo de inscrición. Unha vez pechado o prazo non se fan devolucións.

As devolucións serán aboadas na semana seguinte á celebración da proba.

**No caso das inscricións incompletas (falta de documentación), rematado o prazo de inscrición, estas serán anuladas e non se farán devolucións.**

#### **Artigo 11. Publicación listaxes inscritos**

- **Listaxe provisional:** publicarase o xoves anterior á proba (admítense reclamacións cando na listaxe hai algún erro debido ao manexo dos datos na Federación. Por exemplo, baixas solicitadas en tempo e que non aparecen como tales na listaxe).  
É moi importante revisar esta listaxe para ter opción a presentar a reclamación no caso de haber erros.
- **Listaxe definitiva:** publicarase o venres anterior á proba, e será firme e sen posibilidade de cambios.

#### **Artigo 12. Desenvolvemento da proba**

##### **Saída e transición:**

Praia da Torre. Taragoña. (Rianxo)

##### **Meta:**

Praia da Torre. Taragoña. (Rianxo)

##### **Recollida de dorsais e acreditación:**

Obrigatorio presentar na carpa da organización, o sábado de 14:30 h a 15:40 h, a **licenza** ou o **DNI** e entregar o **formulario COVID-19** cuberto:

<https://fegatri.org/wp-content/uploads/2021/03/declaracion-responsabilidade-individual-adultos-probas-1.pdf>

#### **Reunión técnica:**

A reunión técnica será publicada o xoves anterior na web da Fegatri (normativa COVID-19)

#### **Control de material:**

De 14:50h a 15:50 h.

#### **Premios:**

Medalla/trofeo para os/as tres primeiros/as clasificados/as absolutos/as da Xeral.

Medalla para os/as tres primeiros/as clasificado/as do Campionato Galego das categorías (absoluta, junior, sub-23 e veterano/a) e trofeo para os/as tres primeiros/as clubs masculino e feminino.

*"Art.8.6 Regulamento de Competición Fegatri: Aquel deportista ou club que non estea presente na chamada ao podio será sancionado con 25 e 50 euros respectivamente e non poderá participar nas seguintes probas ata o seu abono". \*Exención COVID-19: calquera deportista que non poida quedar á entrega, deberá avisar ao/á delegado/a técnico/a ou xuíz/a árbitro.*

#### **Normas de competición:**

A carreira rexerese segundo as normativas vixentes do Regulamento Oficial de Competición das Federacións Galega e Española de Tríatlon.

[Regulamentos 2021 FETRI/FEGATRI](#)

[Protocolo Preventivo COVID 19 FEGATRI](#)

#### **Artigo 13 . Normativa xeral COVID-19**

Segundo se recolle no protocolo citado neste regulamento, FISICOVID-DXT, e que se aplica á esta proba, este será de obrigado cumprimento para deportistas e para o resto de persoas involucradas no seu desenvolvemento. Así:

- Manter a distancia interpersonal de 1,5 m en todo momento: antes, durante e despois da práctica deportiva.
- Uso de máscara en todo momento, coa única excepción do momento da práctica deportiva.
- Evitar lugares concorridos, aglomeracións de persoas ou saúdo con contacto físico.
- Non acudir á proba en caso de presentar síntomas compatibles coa COVID-19, febre ou ter contacto estreito recente con positivos.

No caso de detección, ou de autodetección, de sospeita de COVID-19 no contorno da proba, seguiranse as directrices establecidas no punto 4.3 do protocolo Fegatri.

Infórmase aos/as deportistas de máis de 60 anos de que existe un maior risco de consecuencias graves en caso de contaxio e recoméndase unha maior toma de medidas preventivas pola súa parte.

**Procedemento de saídas:**

Saída escalada, con 2 deportistas, cada 5", cunha separación lateral de 2 metros entre deportistas no caixón de saída. Entre cada grupo de 25 deportistas, haberá unha separación de 5 minutos para comezar coa seguinte saída.

Dez minutos antes do comezo da saída, os/as deportistas iranse ordenando por dorsal na cámara de chamadas, diante das súas bicicletas. Manterán sempre a distancia de seguridade e irán avanzando cara aos caixóns de pre-saída segundo o vaian indicando os oficiais e persoal de organización.

Xusto antes de entrar nos caixóns de pre-saída, os/as deportistas poderán quitar a máscara e desbotala no contedor habilitado nese punto a tal efecto.

Se un/unha deportista presente non toma a saída no momento que lle corresponda, quedará a xuízo da DT permitirle ou non tomar despois a saída, como moi pronto na última rolda, e asignándolle en calquera caso o tempo de saída que inicialmente lle correspondía.

**Chegada a meta:**

Unha vez que os/as deportistas pasen a liña de meta, dirixiranse, sen parar, á zona próxima de post-meta, onde primeiramente se lles fará entrega dunha máscara que deberán colocar de forma inmediata. Depositarán os seus chips nos recipientes habilitados (se non son en propiedade) e pasarán a avituallarse e saír da zona de post-meta. Todo o procedemento farase nun único sentido de circulación e mantendo sempre a distancia de seguridade co resto de deportistas e persoal da proba.

**Recollida de dorsais e chips de cronometraxe:**

Na zona habilitada, o día da proba, poderanse establecer tramos horarios de recollida ordenados por dorsal que serán publicados na reunión técnica en liña, de cara a evitar aglomeracións. Así mesmo, manterase sempre un fluxo único de movemento de deportistas para recoller o dorsal, co fin de facilitar o cumprimento das distancias de seguridade.

**Gardarroupa:**

Non haberá gardarroupa. O/a deportista recibirá unha bolsa na que deberá gardar todas as súas pertenzas que non sexan para competir que deixarán pechada no seu espazo en transición.

**Avituallamento:**

Avituallamento líquido no segmento de carreira a pé, e avituallamento líquido e sólido na zona de post-meta. O procedemento de avituallamento é o que se recolle no protocolo FISICOVID-DXT da Fegatri.